

¿QUÉ É O BALONCESTO "3X3"?

O baloncesto "3x3" é a expresión máis xenuina de este deporte. Dende a súa orixe en varias cidades dos Estados Unidos, o baloncesto medrou por todo o mundo e agora chega o noso pobo.

O obxectivo do "3x3" é basicamente o mesmo que o do baloncesto tradicional, lograr introducir o balón na cesta do contrario e evitar que éste o introduza na propia cesta.

A única diferenza é que só xogan tres xogadores por equipo e que unicamente utilízase unha canastra.

O "3x3" permite a participación de xogadores de todas as idades e niveis.

O "3x3" é un dos conceptos básicos tanto na defensa coma no ataque no baloncesto.

¿CÓMO PARTICIPAR?

Reúne ós teus amigos e forma un equipo de catro xogadores.

Escolle un capitán para que sexa o responsábel e representante do equipo.

Cubre o boleto de inscrición adxunto e entregao no centro de recollida de inscrición que figura no dorso de este folleto, antes da data límite.

Empezade a practicar hoxe mesmo para conseguir os trofeos para os mellores do Campeonato de Baloncesto "3 contra 3".

REGLAMENTO

Os equipos estarán compostos por 3 ou 4 xogadores, no segundo caso, un dos catro empezará como reserva.

Os xogadores poden substituírse unicamente cando o xogo esté parado.

Cada equipo debe nomear un capitán que será o seu representante único.

O xogo será a 21 puntos con dous de vantaxe e terá unha

duración máxima de 15 minutos. Ao final de este tempo gañará o encontro o equipo que vaia diante no marcador.

Cada canastra vale un punto, agás aquelas conseguidas dende máis aló da liña de 5m. que valdrán dous puntos.

A primeira posesión outorgarase por sorteo.

Despois de cada canastra, o balón troca de posesión, rebote defensivo ou balón recuperado, o balón deberá saír máis aló da liña de 5 m.

Despois de canastra, o balón troca de posesión e iniciase o xogo dende o medio campo.

Cando o balón saia fora, deberá poñerse en xogo dende a banda. Antes de xogarse, o balón deberá ser tocado por un xogador do equipo contrario.

As loitas supoñen, sempre, a posesión do balón para o equipo que defenda.

As faltas sacaranse sempre de banda. A partir de da octava falta de equipo, toda as faltas sancionanse cun tiro libre e posesión do balón para o equipo que a reciba.

Os xogadores serán eliminados ap cometer a súa quinta falta persoal. O xogo pode continuar ate que a un dos dous equipos lle quede un xogador en pista.

En cada cancha haberá un responsable árbitro que controlará o marcador e as faltas.

Cualquera conduta antideportiva de algún xogador suporá a descalificación inmediata do seu equipo.

A inscrición no Campeonato de Baloncesto "3 contra 3", supón a total aceptación de estas normas. Calquera circunstancia non contemplada nela, será competencia exclusiva dos responsábeis da organización e a su decisión será última e inapelábel.

IMPORTANTE: Ningún participante poderá xogar en máis dun Equipo. OS PARTIDOS SERÁN ARBITRADOS PO-LOS PROPIOS XOGADORES. NO CASO DE DUBIDA, DECIDIRÁ O CONTROLADOR DE PISTA. A organización do Campeonato de Baloncesto "3 contra 3" reservase o dereito a reducir ou aumentar a duración dos partidos.